Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Lume

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A raíña do castro Marcelín

O castro Marcelín está en San Pedro de Merlín, concello de Agolada (Pontevedra).

Neste castro hai un tesouro gardado por tres minas: unha de ouro, outra de prata e a terceira de alcatrán. Cando o que o intente tropece co tesouro, con só tocalo acenderase a mina de alcatrán e convertirá en carbón ao ousado e a sete parroquias á redonda.

O nome do castro venlle dunha raíña que se chamaba Marcela; de aí lle vén o de chamarse Marcelín.

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

Galego Iglesias, Manuel; «Los castros y la reina Marcela», Faro de Vigo, Vigo, 24-IX-1963.